

Pero, ¿onde se meten?

O que nunca debes fazer...

- collar os morcegos coa man
- molestar aos morcegos ou desaloxar unha colonia sen a axuda dun técnico

Debuxos morcegos: Cosme Damián Romal Couso / DROSERÁ


Nóctulo pequeno

Ocos de árbores, como os buratos dos petos





Morcego das fragas

Baixo as cortizas das árbores, viguerías



Espertello

Fendas no tellado ou paredes, sobrados



Morcegos de ferradura

Espazos interiores como sobrados, palleiras pechadas, etc. Penduran do teito ou de saíntes das paredes.

Os morcegos comen moitos, moitos insectos.

Un só exemplar pode consumir até 3000 nunha noite, polo que son o mellor insecticida natural, axudando a controlar algunas plagas agrícolas e forestais.

Os morcegos non roen a madeira nin os alimentos gardados na casa. Tampouco constrúen niños.

As molestias máis habituais son os excrementos ("guano") e os ruidos que poden causar as grandes colonias.

Polo xeral, o guano é sinxelo de limpar, xa que é seco. Pódese colocar un plástico baixo o lugar que ocupan os morcegos, o que nos facilitará a limpeza, que faremos no inverno para non molestarlos.

O guano é un excelente abono natural para as plantas: ¡próbao!

- Todos os morcegos están protexidos pola lei.

- A súa conservación é fundamental para o adecuado equilibrio dos ecosistemas.

Morcegos de Galicia

é o programa de investigación e conservación dos morcegos que desenvolve o **Grupo de Quirópteros de Drosera**.

Un dos obxectivos do programa é chegar a acordos cos propietarios de construcciones e/ou terreos utilizados por distintas especies de morcegos, que aseguren a continuidade das súas poboacións.

Se queres máis información podes consultar a páxina web
www.morcegosdegalicia.org

e escribir á dirección de correo
info@morcegosdegalicia.org

**Se tes morcegos na túa casa, muíño, igrexa, etc.
¡escríbenos!**



Coa financiación de:



¿Morcegos na casa?



Uns veciños moi especiais

Moitas especies de morcegos utilizan construcciones humanas como casas, igrexas, muíños, sequeiros, pontes e outras para refuxiarse

Nalgunhas zonas do noso país, a escaseza de refuxios naturais fai que a dispoñibilidade destas construcciones sexan fundamentais para a conservación das poboacións de morcegos.

Axúdanos a conservar os morcegos de Galicia.